

EXPLICACIÓN TAREFA LOCKE SEGUNDO TRATADO SOBRE O GOBERNO

- Os dous principais atributos dos **individuos** no **estado de natureza** son a **liberdade** e a **igualdade**. Pero cómpre facer algunhas precisións en relación coa liberdade. Os individuos no estado de natureza non son libres de facer o que queiran (non son absolutamente libres, a súa liberdade ten límites), xa que nese estado orixinario da humanidade rexe a **lei natural**, unha especie de norma moral non escrita que todo home comprende en tanto que está dotado de **razón** e que manda respectar as **vidas, liberdades e pertenzas** dos demais. Locke afirma que o estado de natureza é un estado de **liberdade (freedom, liberty)**, pero non de libertinaxe ou licenza, porque hai unha lei natural que os individuos deben cumprir e que impón certas obrigacións no trato cos demais.
- A **lei natural (natural law)** rixe no **estado de natureza (state of nature)** e impón obrigacións aos individuos. Non é unha lei escrita, senón unha especie de norma moral, pero como toda norma marca un deber para os individuos, a saber, que deben respectar a vida, as liberdades e as posesións dos demais. Tan só hai unha excepción a esta norma no caso en que estea en risco a propia supervivencia (evidentemente, Locke está a falar do dereito natural de autodefensa ante un agresor). A lei natural manda respectar os **dereitos naturais** dos individuos, a saber, as súas vidas, liberdades e pertenzas. A lei natural marca obrigacións para cos dereitos naturais, pero en si mesma non é un dereito natural.
- Locke distingue entre **liberdade (freedom)** e libertinaxe ou **licenza (license)**: o estado de natureza é un estado de liberdade porque os individuos viven libres sen estar sometidos a outros, pero non é un estado licencioso, xa que a **lei natural** impón certas restricións ás condutas dos homes, a saber, que deben respectar a vida, as liberdades e as pertenzas dos outros (isto é, os seus **dereitos naturais**).
- O **estado de natureza** é inseguro, porque non existe ningunha autoridade que protexa os **bens** dos individuos (vidas, liberdades e pertenzas). Pero tamén é un estado de **inseguridade** por outro motivo, porque os individuos poden cometer excesos á hora de sancionar aos infractores da lei natural e tomarse a xustiza pola súa man. Xa que en estado de natureza, todos os individuos posúen o **poder natural** de **castigar** a quen infrinxa os preceptos da lei natural. Os homes poden inflixir penas severas por incumprimentos leves da norma, non habendo nin equidade nin xustiza na sanción, senón tan só un acto de vinganza. Mediante un **acordo** consentido (**voluntary agreement**) búscase instaurar unha **sociedade civil ou política (commonwealth)** con leis escritas, autoridades públicas, goberno, cámara lexislativa, etc. que poña remedio a todos estes males.
- No **estado de natureza** os individuos xa viven en sociedade, agrupados en pequenas comunidades, pero trátase dunha **sociedade natural**, a saber, a familia, que en opinión do filósofo inglés non constitúe unha comunidade política. Por iso non ten sentido falar de **cidadáns** en relación ao estado de natureza, porque non hai comunidade política. Nese mesmo sentido, non cabe concebir os dereitos naturais como dereitos políticos, posto que xa se dan no estado de natureza, que é, en esencia, pre-político.
- Lembra que no **estado de natureza** hai unha **lei natural (law of nature)** que manda aos individuos respectar a vida, as liberdades e as pertenzas dos demais, a ausencia dunha

autoridade que faga cumprir a lei natural leva a que poida haber individuos que atenten contra os bens ou as propiedades dos demais. Ademais, ao non existir esa autoridade imparcial que sancione aos infractores da lei natural, os individuos son parciais na aplicación das sancións. De feito, a vulnerabilidade dos **bens** ou **propiedades** individuais (vida, liberdades e pertenzas) leva aos homes a crear, mediante un acordo voluntario, a sociedade política.

- O motivo que impulsa aos individuos a constituir a **comunidade política** é a **protección** dos **dereitos naturais**. Tales dereitos non son dereitos dos cidadáns, posto que antes de que houbera cidadáns (nun Estado), xa existían os dereitos naturais que posuían todas as persoas polo simple feito de seren persoas. En Locke, o **poder estatal** e a **autoridade pública** deben garantir a **protección** dos **bens** individuais, que ven sendo o mesmo que **protexer** os **dereitos naturais** dos individuos. Lembra que eses dereitos xa existían no estado de natureza, pero non estaban suficientemente asegurados, xa que aínda habendo unha lei natural, non todos os individuos a cumpren. Por tanto, un goberno lexítimo protexe os bens individuais, que ven a ser o mesmo que os seus dereitos naturais (para que os individuos poidan disfrutar efectivamente dos seus bens). Así pois, a autoridade política, o **Estado**, ten como obxectivo asegurar os **dereitos naturais** dos individuos (o dereito a disfrutar dos seus bens ou propiedades). Estes dereitos naturais xa existían na situación pre-política do estado de natureza, pero sempre estaban amenazados e peligraba o seu disfrute real por non existir unha autoridade imparcial que sancionase aos infractores da lei natural.
- Do que dixemos anteriormente deducimos que a idea dun Estado con poderes absolutos é incompatible co liberalismo, como teremos ocasión de explicar nos seguintes puntos. No Segundo Tratado sobre o goberno **Locke** rexeita as teses do Leviathan de **Thomas Hobbes**, que xustificaba a necesidade dunha monarquía absoluta como garantía de paz e seguridade ante o perigo de voltar a un estado de natureza que Hobbes concibe como unha *guerra total de todo home contra todo home*. Mentras que no Primeiro Tratado sobre o goberno Locke critica os plantexamentos do libro de **Robert Filmer Patriarcha, or The Natural Power of Kings**, outro tratado político que lexitima o poder absoluto do monarca considerado como un poder natural que o rei posúe por nacemento.
- Evidentemente, o modelo de Estado que **Locke** defende (a **monarquía parlamentaria**) é incompatible co modelo de Estado absolutista do Leviathan de **Hobbes** e do Patriarcha de **Filmer**. Remítome ao texto de Locke que afirma que fronte aos decretos dictados pola conveniencia, o interese ou o capricho do gobernante, a lei debe ser promulgada e feita pública con vistas á salvagarda do ben común. O **límite do poder político** é precisamente a propia **lei**, e isto rixe tanto para os súbditos como para o soberano: *rex non est supra lex*. O rei (o gobernante) non está por encima das leis. No Segundo Tratado aparece a tiranía como exemplo de goberno ilexítimo, precisamente porque *"tyranny is the exercise of power beyond right"*, *"where-ever law ends, tyranny begins"*.
- Na medida en que a **lexislación** protexe os **dereitos naturais** dos individuos (o disfrute dos seus bens), son xustamente estes dereitos individuais os que, conxuntamente coas leis, actúan como diques ou barreiras fronte á tentación da autoridade gubernamental de excederse no exercicio do poder. Este é precisamente outro dos argumentos expostos no texto para discernir entre un goberno ilexítimo, que atenta con toda a forza do Estado contra os dereitos individuais, e un **goberno lexítimo** que protexe a vida, as liberdades e as posesións dos gobernados; en definitiva, os seus **bens**, o seu dereito natural a disfrutar destes bens.

- **Macpherson**, politólogo británico do século XX, fala de *individualismo posesivo* para referirse, entre outras teorías, á filosofía política de Locke. Con razón, os **individuos** son posuidores de bens materiais, pero tamén son donos ou **propietarios** das súas vidas e das súas liberdades. Así pois, dentro dos **bens (goods)** hai que incluír tamén a vida e as liberdades individuais e non só as propiedades en sentido estricto. Este asunto é realmente relevante, porque o **liberalismo** é unha teoría política que defende que as **propiedades** ou bens protexidos polas leis son os **límites** infranqueables do **poder político**.